

1ª. Describe as consecuencias demográficas, económicas, sociais e políticas da grande guerra de 1914/1918 partindo dos documentos que seguen:

Docto. 1: Situación política de Europa despois dos tratados de paz de París.



Docto. 2: Propostas do presidente W. Wilson (8-I-1918) para as conferencias de paz:

«O noso programa é pois o programa da paz mundial que ó noso xuízo é o único posible e componse dos seguintes puntos:

1. Todos os tratados de paz son públicos e concértanse públicamente, e despois deses tratados non poden concertarse ningún acordo internacional secreto de ningún tipo. A diplomacia debe ser sempre aberta, e levarse ante a publicidade do mundo enteiro.
2. Completa liberdade de navegación no mar fóra das augas territoriais, e tanto en paz como en guerra.
4. Garantías mutuas adecuadas para reducir os armamentos de cada país ó mínimo compatible coa seguridade interior.
10. Ós pobos de Austria-Hungría, ós que lles desexamos asegurar un posto entre as nacións, debe dárseles a primeira ocasión favorable para o seu desenvolvemento autónomo.
14. Debe crearse por concertos particulares unha **unión xeral das nacións**, de maneira que se estableza unha seguridade mutua para a independencia política e intanxibilidade territorial das nacións grandes e pequenas...

3ª. Visiona os fragmentos das películas Sin novidade na fronte e Sendeiros de gloria dispoñibles na Rede. Elabora unha síntese do contido, comparando as visións que ofrecen as dúas da vida dos soldados nas trincheiras e na retagarda. Resposta ás seguintes cuestións:

- a) Valora a claridade da trama argumental.
- b) Salienta as 3 escenas ou secuencias que máis che impresionasen de cada unha, indicando as razóns da túa escolla.

c) Elabora un cadro no que recollas os valores e actitudes que critican ambas as dúas películas e aqueloutros que louban. Salienta os personaxes que representan eses comportamentos e actitudes. Razoa si corresponden coa mentalidade que conduciu á grande guerra ou a da posguerra.

6ª. Relaciona correctamente cada un dos conceptos da primeira columna cos da segunda e da terceira que correspondan engadindo antes de cada un destes o número do concepto da primeira co que teñan relación directa tal como figura no exemplo co nº 0: (1 punto: 0,10 por cada grupo de 3 tres conceptos ben relacionados)

0. Real Club Celta de Vigo	... Alsacia e Lorena	... Aviación
1. Atentado de Sarajevo	... Bulgaria	0. Equipos galegos de balompé
2. EE.UU entra na guerra	... Franza, Gran Bretaña e Rusia	... Contraofensiva de Foch en 1918
3. Guerra de desgaste	... 0. Deportivo de A Coruña	... Imperio Otomano
4. Imperios centrais	... Incorporación laboral das mulleres	... Indemnizacións de guerra aos vencedores: reparacións
5. Checoslovaquia	... Finlandia e repúblicas bálticas	... Italia entra na guerra en 1917
6. Mobilización militar dos mozos e adultos novos	... Ametralladoras e gases tóxicos	... Emancipación feminina e sufraxismo
7. Paz de Brets-Litovsk	... Imperio Austro-húngaro	... Servia e Rusia zarista
8. Tratado de Versalles	... Polonia e Iugoslavia	... Somme
9. Triple Entente	... Revolución Soviética	... Turquía de Mustapha Kemal
10. Trincheiras	... Verdún	... Illamento internacional da URSS

Explica as razóns polas cales establecen esas relacións en cada caso dos indicados.